




Defendemos o ensino público

Contra os que imponen as súas regras

ADULTERAMENTO PRIVADO
REVALIDAS SEGREGADOR



INFORME DA XUNTANZA MANTIDA POLA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA, CON PRESENZA DO STEG, CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLARÍA O MÉRCORES 18 DE OUTUBRO DE 2017 EN PONTEVEDRA

Asisten o XT, o IX e o Secretario, así como representantes de ANPE, CC.OO., CIG, CSIF, FETE-UGT e STEG.

A reunión comeza ás 10'15 horas coa seguinte orde de traballos:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas de reunións anteriores

1.1 Acta do 14 de xullo de 2017

Apróbase por asentemento

1.2 Acta do 13 de setembro de 2017.

Apróbase con diversas precisións por parte das organizacións sindicais nos puntos 2.2., 3.3. e 3.4.

2. Asuntos pendentes de xuntanzas anteriores:

2.1. Resposta ás reclamacións de prazas presentadas na anterior reunión

2.1.1. ESCRBBCC e ESAD

Desde a Xunta de Persoal facémonos eco dos razoamentos da dirección da Escola de Restauración a propósito da necesidade de afrontar con un docente máis a carga grande de horas de titoría para alumnado que finaliza estudos, nos dous cuatrimestres. O XT contesta que o informe do inspector é terminante nese sentido e que non contempla esa necesidade. Non obstante, o vindeiro martes 24 de outubro a Directora do centro citado terá unha reunión co Inspector Xefe e poderá expoñerlle en persoa a súa argumentación.

2.1.2. CEIP Mestre Ramiro Sabell (Pontearreas)

Xa están nomeados tanto a persoa de AL como a coidadora.

2.1.3. CEIP Chans-Bembrive.

Insístese desde a Xunta de Persoal en criticar que se suprimise unha unidade de infantil de 3 anos neste centro, pois hai 26 alumnos e 2 peticións máis de matrícula na comisión de escolarización. O XT e o IX alegan que esas peticións proceden de alumnado ao que lle corresponde outra zona, en realidade. Non ven lóxico reabrir a unidade suprimida cando en centros moi próximos, como o Hernán Cortés, hai aínda prazas dispoñíbeis.

2.1.4. CEIP Randufe (Tui): valoración EOE

O XT informa que o EOE concluiu que non fai falta o PT demandado.

2.1.5. CEIP Balaídos: PT “en estudo”

Segue “en estudo”. O de Carballal-Cabral solicitado non é necesario, indica o XT.

2.1.6. EEI Cristo da Victoria: EI con PT

Xa está enviado ao centro.

2.1.7. IES nº 1 A Estrada: XH

Amortízase esa praza por xubilación de mestre, pois o Departamento ten unha carga horaria de 24 horas.

2.1.8. IES Chan do Monte (Marín)

A praza de Informática si se concede; a de Francés, non

2.1.9. IES Illa de Tambo (Marín)

Xustifícase desde XT e IX o peculiar perfil dunha das vacantes ofertadas neste centro, de Matemáticas con afíns Biloxoloxía e Filosofía. O centro necesitaba cubrir algunhas horas da materia de Valores Éticos, de aí a afín Filosofía.

2.1.10 IES A Paralaia (Moaña)

Non se necesita máis profesorado para cubrir atención á FP Básica, di o XT.

2.1.11. IES Johán Carballeira (Bueu)

Xa están cubertas as necesidades.

2.1.12. IES Escolas Proval (Nigrán)

Pasou de 62 a 64 o cupo de profesores/as, polo que poden asumir necesidades derivadas de 2º FP Básica e ciclo de sistemas de comunicación e información.

2.2. Ciclos de FP de nova implantación con respecto ao curso pasado na provincia de Pontevedra. Ciclos solicitados e non implantados (Novos, Eliminados, Non implantados)

O XT le unha listaxe dos novos ciclos implantados (en total, 27); indica, ademais, que só se suprimiron 5 por falta de alumnado: 1 ciclo no IES A Sangriña, 2 no IES Paralaia e 2 no Politécnico. Comprométese a enviar copia dese listado á Xunta de Persoal.

Tocante ao ciclo no CIFP A Xunqueira, de Animación Sociocultural, indica que pelexará por que se implante no inmediato futuro, mais que neste curso prioriza os outros que se puxeron en marcha. Fálase da necesidade de dar maior estabilidade ao cadro de persoal do CIFP Carlos Oroza e de autorizar ao CEE de Vilagarcía de Arousa a implantación dunha FP Básica de Reprografía, pois o centro conta xa neste momento con case todos os medios necesarios.

2.3. Información sobre zonificación de Vigo

Estanse elixindo e nomeando nestes días representantes de cada centro escolar de Vigo, tanto públicos como concertados, para participar no proceso de debate da nova proposta de zonificación, que se fai, porén, sen prazos prefixados. Desde a presidencia da Xunta de Persoal insístease na necesidade de socializar canto antes o documento coa proposta inicial, para que a comunidade escolar poida coñecela e debatela coa suficiente antelación.

2.4. Estado de obras e medidas de seguridade no CEIP D.A.R. Castela. Obras no IES Torrente Ballester.

As obras no colexio Castela están xa moi avanzadas, fanse en horario de tarde e están sendo supervisadas semanalmente por un inspector. Do problema do enganche de tuberías do IES Torrente Ballester de Pontevedra non hai novidades.

2.5. CEIP E. Pardo Bazán.

O director presentou a súa dimisión e estase no proceso de elixir unha nova directiva para o centro. No claustro celebrado recentemente non se presentou ningunha candidatura.

2.6. IES de Mos.

A demanda de STEG, o XT e o IX contestan que nos catro grupos de 1º ESO hai 32 alumnos+1 repetidor, 28+3 repetidores, 29 sen repetidores e 32+1 repetidor, respectivamente. A optativa de Hábitos Saludábeis impártea un profesor de Matemáticas. A sexta praza de Matemáticas que non se oferta corresponde a unha persoa titular con liberación sindical. Estase valorando aínda cal debe ser o alumnado que ficará exento de 2º idioma estranxeiro e recibirá Reforzo.

2.7. CEIP Chans-Bembrive

Véxase o dito en 2.1.3.

3. Control do perfil das vacantes ofertadas entre as adxudicacións provisoria e definitiva.

A Xunta de Persoal comenta a existencia de varios casos, moi concretos, en que se modificou a última hora o perfil ofertado de determinadas vacantes no CADP, co conseguinte perxuízo para as persoas que solicitaron esas vacantes con ese perfil. Pregúntaselle ao XT se hai algún mecanismo para supervisar ese tipo de modificacións de última hora. O XT responde que ese tipo de modificacións son realizadas polas direccións dos centros cando cargan a vacante no programa informático e que non se pode revisar por unha pura cuestión de tempos. En todo caso, anima á Xunta de Persoal a poñer no seu coñecemento os casos que esta coñeza. FETE-UXT achega información sobre un caso en concreto e o XT reconece que efectivamente se produciu esa modificación “de última hora”.

4. Solicitude de estudo de vacantes para o próximo CXT con listaxe de posibles vacantes. Listaxe de xubilacións previstas a 31 de decembro.

O XT comprométese a facilitar en breve á Xunta de Persoal listaxe de xubilacións previstas. Desde a Xunta de Persoal sinálaselle que noutras delegacións territoriais as Xuntas de Persoal xa

dispoñen delas. O IX replica que seguramente porque non teñen nin tantos centros nin tantos funcionarios docentes como a de Pontevedra. Desde a Xunta de Persoal insístese na petición da listaxe canto antes se poida, tendo en conta que a vindeira xuntanza entre a Permanente e o XT será a finais de novembro, co que Inspección ten marxe de sobra para facer esa listaxe antes desas datas.

A Permanente da Xunta de Persoal advirte que o rascuño de orde do CXT manexado pola Consellaría fala dun CXT de ámbito estatal, cando o que toca é autonómico. O XT toma nota e promete transmitila á Consellaría.

5. Problemáticas en centros:

5.1. CPI da Cañiza: Horarios e redución de profesorado na ESO.

O informe de Inspección sinala que está todo correcto no horario dese centro. A Xunta de Persoal replica que se produciu unha redución considerábel de profesorado (3 menos que no curso pasado) e que con data de 20 de setembro un grupo de profesorado que imparte ESO enviou un escrito con queixas e demandas á Xefatura Territorial. O XT comprométese a revisar ese escrito e a propia situación.

5.2. IES Ramón M^a Aller (Lalín): Horarios

STEG comunica a existencia a comezos de curso de horarios sen a preceptiva hora de atención a pais/nais e pregunta se esa situación xa foi corrixida. Ao mesmo tempo, denuncia que varias das Xefaturas de Departamento levan xa varios cursos sen gozar das horas de redución horaria que lles corresponde, sendo substituídas nalgúns casos por Gardas. O XT toma nota e recabará información ao respecto.

5.3. CEIP O Cruceiro (Vilalonga): petición realizada en maio de xuntanza coa Dirección e ANPA e situación actual de execución do proxecto de novo centro.

STEG lembra que hai unha xuntanza solicitada polo colexio e a ANPA desde finais do curso pasado que está sen atender. O XT comprométese a recibir a dirección e a ANPA dese centro antes do final deste primeiro trimestre de curso.

STEG pregunta polo estado de tramitación do proxecto para a construción dun novo edificio para acoller ese colexio. O XT sinala que existen problemas coa titularidade dos terreos ofrecidos no seu día polo Concello de Sanxenxo e que mentres non se despexe esa incógnita non se pode avanzar co proxecto de construción.

5.4. IES de Vilalonga: perda do servizo transporte do alumnado de FP.

STEG pregunta pola supresión neste curso do servizo de tranposte pola tarde do alumnado do IES Vilalonga que cursa ciclos de FP, cos conseguintes perxuizos. O curso pasado habíao de luns a xoves. O XT sinala que non é un servizo de transporte obrigatorio e que depende do acordo ao que cheguen desde o centro ou desde o propio alumnado interesado coa empresa concesionaria.

5.5. CPI Mondariz: segundo PT que aparecía nas vacantes provisionais concedidas posteriormente non adxudicado.

STEG pregunta pola peripecia desa vacante provisoria logo desaparecida e o IX resposta que a decisión de eliminala non foi da dirección do centro senón da propia Inspección, por considerar que non era necesaria.

5.6. CEIP San Tomé (Cambados): problema servizo de limpeza.

STEG comenta o problema que ten este centro. Só ten unha persoa conserxe-limpadora e esta non pode atender no seu horario todas as necesidades de limpeza dun centro con varios espazos. No curso pasado o concello cambadés cubría o gasto de media xornada para outra persoa limpadora, pero ao comezar este curso eliminouse. STEG pide que a XT se dirixa ao concello e intente que se restabeleza esa media xornada.

5.7. CEIP Xosé Fernández López (O Porriño): Aclaración sobre custodia alumnado non transportado previa e posterior ao horario lectivo.

STEG formula unha pregunta/inquietude que chega desde o profesorado dese centro que se cita e desde outros a respecto das instrucións sobre custodia na saída do alumnado. Nuns casos a custodia esténdese a todos os grupos de primaria; noutros, só ata 4º. Non podía ser máis precisa a instrución? E, do mesmo xeito, se ese deber de custodia é universal, non debería ter recoñecemento no horario laboral do profesorado ao igual que o teñen xa as gardas de custodia á entrada do alumnado transportado?

O XT e o IX sinalan que a propia instrución advirte que cada centro, no exercicio da súa autonomía, debe ser quen fixe as condicións desa custodia, en atención ás súas circunstancias. Non ven que esa custodia á saída do alumnado teña que pasar a facer parte do horario laboral do profesorado.

5.8. IES As Neves: dous profesores/as de Informática (FP-B)

CIG pregunta e XT contesta que non lle consta esa petición.

5.9. IES de Teis: coidador/a.

FETE-UXT demanda coidadora para unha alumna dese centro con serio problema de mobilidade por enfermidade conxénita. O XT contesta que está o Equipo de Orientación Específica avaliando esa necesidade e que, en función do que informe, tomará decisión ao respecto.

5.10. CEIP Príncipe Felipe: necesidade de continuidade, postos de escolarización preferente.

A Xunta de Persoal suxire a posibilidade de que se lle dean ás prazas dese centro a categoría de postos de escolarización preferente, para así garantir unha mínima estabilidade do plantel, pois no CXT non se poden dar como definitivas pola situación especial do centro (convenio Deputación Provincial / Consellaría). ANPE supedita esa posíbel vía a que sexa aceptada desde o centro e formula outra alternativa que pasaría por un concurso conveniado de méritos específico para a dotación desas prazas. O XT e o IX comprométense a estudar todas as posibilidades, partindo da base de que están conformes en que resulta necesario dar estabilidade a ese plantel.

6. Rolda de intervencións.

6.1. FETE-UXT pregunta se pode impartir unha PT a materia optativa de Educación en Igualdade en 1º ou 2º de Eso. O IX contéstalle que non, nin dar reforzos.

6.2. CC.OO. pregunta se os centros bilingües que perderon este curso os auxiliares de conversa, como o Torre de Cela de Bueu, terán algunha medida compensatoria.

6.3. O XT le escrito enviado desde o Secretariado Nacional de CIG pedindo apoio para un docente do IES Pino Manso do Porriño denunciado por presunta mala praxe docente na abordaxe nas aulas da situación en Cataluña. O XT, previo informe da Inspección, avala a corrección da praxe dese docente e acepta facer público o seu apoio. Todas as organizacións maniféstanse conformes, agás ANPE, que matiza que apoiará sempre que se respecte o marco constitucional.

E non habendo máis asuntos que tratar, rematou a xuntanza sendo as 12.40 horas.